

Universidade de Vigo -
Registro XeralSaída Nº. 201500023056
04/12/15 10:32:15

O 27 de novembro de 2015 foi publicada a resolución reitoral pola que se regula o exercicio dos dereitos electorais do persoal da universidade de Vigo nas eleccións Xerais do 20 de decembro, recollendo o dereito á unha redución de cinco horas na xornada de traballo o día inmediatamente posterior ao da votación para aquelas persoas nomeadas presidente ou vogal das mesas electorais e as que acrediten a súa condición de interventoras.

A raíz desta publicación, recibíuse unha consulta formulada por un profesor en relación cos dereitos do profesorado e do estudiantado que teñan programado un exame de avaliación na data inmediatamente posterior ao día das eleccións.

Consideracións legais

Os artigos 28, 76 e 78 da *Lei Orgánica 5/1985*, do 19 de xuño, del *Régimen Electoral General*, e no artigo 13 do *Real Decreto 605/1999*, do 16 de abril, de *regulación complementaria de los procesos electorales* e demais disposicións concordantes, establecen que as persoas nomeadas presidente/a ou vogal das mesas electorais e as que acrediten a súa condición de interventoras terán dereito a unha redución da súa xornada de traballo de cinco horas o día inmediatamente posterior ao da votación.

O artigo 100 dos Estatutos da Universidade de Vigo enumera os dereitos dos estudantes, entre eles, o de *“seren avaliados obxectivamente no seu rendemento académico segundo criterios de avaliación previamente establecidos e coñecidos”*.

No mesmo artigo, nos parágrafos cuarto e quinto indícase o seguinte:

“Os exames finais deberán ser realizados nas datas e na modalidade aprobada pola Xunta de Centro con anterioridade ó prazo de matrícula, non cabendo máis modificacións cáas derivadas de causas de forza maior. No caso de que se alteren as datas, garantirase o dereito a exame evitando as incompatibilidades”.

Por outra banda, o artigo 12 do regulamento de estudantes dispón que *“Aquela persoa que por enfermidade, lesión ou calquera outro impedimento temporal, fidedignamente demostrado, non poida efectuar un exame ou unha proba parcial, terá dereito a ser examinado noutra data”*.

Por todo isto, resólvese ditar a seguinte instrución:

Primeiro. O profesorado que acredite a súa participación como presidente, vogal ou interventor/a nunha mesa electoral o día 20 de decembro e teña programada unha proba de avaliación para o luns día 21 e que, en atención ao prexuízo que se causa ao alumnado, prefira manter a data da

avaliación prefixada, poderá exercitar o seu dereito a unha redución da súa xornada de traballo o primeiro día laboral no que non teña probas de avaliación.

No suposto de que elixa reducir a xornada de traballo o día 21, trasladarase a data do exame a outro día, de acordo coa programación do centro, debéndose comunicar dito traslado aos estudantes coa suficiente antelación.

A tal efecto o profesorado, no momento que coñeza o seu nomeamento como membro da mesa ou interventor/a deberá comunicar á dirección do centro a súa opción do exercicio do dereito electoral.

Segundo. O estudantado que acredite a súa participación como presidente/a, vogal ou interventor/a nunha mesa electoral o día 20 de decembro e teña programado un exame de avaliación para o día 21, poderá solicitar ao profesor da materia ser avaliado noutra data.

Terceiro. Para facer efectiva a redución da xornada de traballo ou para solicitar o cambio de data do exame de avaliación, deberá presentarse a oportuna xustificación documental.

Vigo, 4 de decembro de 2015



Gloria Pena Uris
Secretaría Xeral

Sres/as Decanos e Decanas e Directores e Directoras de Centros
Sres/as Directores e Directoras de Departamentos
Presidente do Tribunal de Garantías